

Resolución reitoral pola que se convoca a IX edición do programa INCUVI-Avanza na Universidade de Vigo

A fin de contribuír ao fomento da innovación, a competitividade e ao emprendemento entre o estudantado, a Universidade de Vigo, a través da Área de Emprego e Emprendemento, estima conveniente realizar unha convocatoria de axudas de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

A Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra teñen previsto asinar un convenio de colaboración para apoiar accións de promoción e fomento das competencias emprendedoras entre o estudantado e persoas recentemente tituladas da Universidade de Vigo. O programa tamén conta co apoio económico do CZFV (Consortio da Zona Franca de Vigo), para que as persoas beneficiarias poidan dispor dun espazo de traballo e formación. Ademais, o seu desenvolvemento vense beneficiando da colaboración con aceleradoras especializadas en distintos sectores que buscan promover e acompañar a creación de empresas dentro de sectores estratéxicos en Galicia tales como as *Business Factories* (BFFood, BF Aero, BF Auto e BF ClimaTech), a aceleradora Via Galica do CZFV, as Asociacións de Xoves empresarios e empresarias, o Clúster de Saúde de Galicia, a Fundación Celta, a Fundación Ronsel, a TECNOPOLE ou o CITI (Centro de Investigación, Transferencia e Innovación). Ademais, ao longo do desenvolvemento do programa poderán incorporarse novas institucións cuxa aportación resulte beneficiosa para a consecución dos obxectivos.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar en réxime de concorrencia competitiva a IX edición de Axudas INCUVI-Avanza da Universidade de Vigo, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.



Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

Código seguro de Verificación : GEN-0c43-1394-d744-99ef-8aca-bc23-aa8f-371f | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección :
<https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-0c43-1394-d744-99ef-8aca-bc23-aa8f-371f

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 29/01/2025 09:10 | NOTAS : F

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DA IX EDICIÓN DAS AXUDAS INCUVI-AVANZA

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é a concesión de axudas que contribúan á aceleración de proxectos emprendedores promovidos por estudantes ou persoas recentemente tituladas da Universidade de Vigo co fin de que estas poidan validar a idea e analizar a existencia dunha demanda real no mercado.

Convócanse 4 axudas para proxectos emprendedores presentados por:

- Persoas ou Equipos Emprendedores que FOSEN BENEFICIARIOS DUNHA AXUDA INCUVI EMPRENDE nas últimas cinco edicións da convocatoria INCUVI-Emprende e desexen continuar coa maduración da idea.
- Persoas ou equipos emprendedores que sen seren beneficiarios dun premio da convocatoria de INCUVI-Emprende, teñan unha idea que xa posúa un modelo de negocio desenvolvido.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

1. PERSOAS SOLICITANTES: os membros dos equipos emprendedores das ideas deben pertencer a algún dos seguintes colectivos:

- a. **Estudantado matriculado** na Universidade de Vigo en estudos de Grao ou Máster universitario no curso 2024/2025.
- b. **Persoas tituladas** en titulacións oficiais pola Universidade de Vigo no curso 2021/2022 ou posteriores.
- c. **Estudantado matriculado en titulacións oficiais ou persoas tituladas** noutras universidades españolas no curso 2021/2022 ou posteriores, sempre que non superen o 50% dos membros do equipo.

2. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS:

- a. O proxecto emprendedor poderá presentarse de maneira individual ou por parte dun equipo de 4 persoas como máximo; neste último caso haberá unha persoa que actuará como coordinadora.
- b. A persoa ou membros do equipo promotor deberán ter a autoría intelectual das ideas que presentan ou, no seu defecto, dispor dos permisos correspondentes de uso da propiedade intelectual e/ou industrial de terceiros.
- c. Non se poderá presentar máis dun proxecto nin pertencer a varios equipos emprendedores.
- d. As persoas que formen parte do equipo promotor deberán estar nalgunha das seguinte situacións:
 - Que fosen beneficiarios dun premio nas últimas cinco edicións da convocatoria INCUVI-Emprende e desexen continuar coa maduración da idea. No caso de presentarse un equipo, so é necesario que a persoa que presenta a solicitude (e que actuará como promotora do proxecto emprendedor) houbera participado na convocatoria INCUVI-Emprende. De ser este o caso, haberá que presentar a renuncia formal dos restantes membros do equipo que non queiran seguir



madurando a idea, e polo tanto se desvinculen do proxecto emprendedor obxecto do premios Emprende.

- Que, sen seren beneficiarios dun premio da convocatoria de INCUVI-Emprende, teñan unha idea que xa posúa un modelo de negocio validado. Para isto os equipos emprendedores candidatos deberán acreditar a súa participación nun programa de apoio ao emprendemento, un produto mínimo viable e/ou un test de mercado.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

3. INCOMPATIBILIDADES DAS AXUDAS

As axudas establecidas nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2025 0000 121D 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 10.000 €.

2. A axuda consiste en:

2.1. AXUDA EN ESPECIE:

- Formación:** Os equipos emprendedores recibirán formación desde a resolución de concesión ata setembro, dirixida á preparación da prototipación e á planificación do *marketing* cunha dedicación de 20 horas. Preferiblemente, as horas de formación levaranse a cabo de forma presencial e de xeito conxunto para os catro equipos participantes.
- Mentorización personalizada:** (presencial ou telemático), cunha dedicación de 12 horas por proxecto que desenvolveranse ao longo do programa (marzo – xullo 2025)
- Desenvolvemento da idea de negocio** (traballo non presencial): cunha dedicación estimada de 12 horas de traballo autónomo por parte das persoas beneficiarias das axudas
- Presentación do proxecto** ante representantes das entidades patrocinadoras e colaboradoras do programa nun *demo-day* prevista para mediados do mes de setembro, coincidindo ca Pont-Up Store de Pontevedra. A preparación desta presentación ten dedicación estimada de 4 horas presenciais e 4 horas de traballo autónomo por parte das persoas beneficiarias das axudas

Para impartir a formación e mentorización aos equipos beneficiarios das axudas, a Universidade de Vigo contratará a unha entidade externa someténdose á Lei de contratos do sector público segundo establece a disposición quinta da Lei xeral de subvencións, por un custo máximo de 1.500€ por proxecto



2.2. ACHEGA ECONÓMICA

Cada equipo emprendedor recibirá unha contía máxima de **1.000 € por proxecto** para facer fronte a custos de prototipación ou demo dun produto ou servizo que forme parte da iniciativa emprendedora. Os gastos a subvencionar son:

- Adquisición de equipamento e material instrumental necesarios para construír o prototipo do produto/servizo final.
- Calquera outro que a universidade considere relevante para testar determinados atributos do servizo ou produto presentado como parte do proxecto emprendedor.

O pagamento da achega económica efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada por cada unha das persoas participantes no proxecto seleccionado e da que deberá ser titular do seguinte xeito:

- ata o 80% da achega económica tras a presentación de facturas proforma.
- o 20 % restante cando acrediten o cumprimento das obrigas de xustificación sinaladas no punto 8 desta convocatoria,

A axuda está suxeita á retención do IRPF establecida na lexislación tributaria.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A persoa promotora ou a persoa coordinadora do equipo deberá cubrir o **formulario en liña** no seguinte enlace:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13689

Unha vez cuberto deberá **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, e poñer en **asunto** “Axudas INCUVI Avanza”, achegando unicamente o arquivo coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

Non se admitirán a trámite aquelas solicitudes que se presenten por outras vías. O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados/as neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitarase que a presente de xeito electrónico. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizou a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte a publicarse esta convocatoria ata o **17 de febreiro de 2025** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

CSV : GEN-0c43-1394-d744-99ef-8aca-bc23-aa8f-371f

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 29/01/2025 09:10 | NOTAS : F



Así mesmo, deberán subir a seguinte documentación ao formulario en liña (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

1. BREVE CURRÍCULO de todas as persoas integrantes do equipo emprendedor (máximo 1 cara tamaño A4) no que indiquen formación, experiencia e outra información considerada de utilidade para reforzar a súa candidatura.
2. VÍDEO DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO, cun formato mp4 e de duración non superior a 2 minutos.
3. FORMULARIO DE RENUNCIA, que terán que cubrir e firmar aqueles membros beneficiarios das axudas no INCUVI-Emprende (e que polo tanto opten a axuda pola Modalidade 1) que decidan desvincularse da idea na que traballaron ó longo do programa.
4. No caso de equipos que non obtiveran premio INCUVI-Emprende deberán presentar un PLAN DE NEGOCIO, un produto mínimo viable e/ou un test de mercado.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación, de acordo cos seguintes criterios:

1. CURRÍCULO DOS MEMBROS DO EQUIPO.....ata 20 puntos
Valorarase a experiencia multidisciplinar e os recursos e competencias dispoñibles para a maduración do proxecto., así como a base académica ou de coñecemento (científico, tecnolóxico ou outros) na que se apoia o proxecto
2. Modelo de negocio do proxecto emprendedor.....ata 50 puntos
Valorarase especialmente
 - a. Grao de innovación da idea emprendedora: ata 10 puntos
 - b. Grao de viabilidade técnica, económica e comercial: ata 25 puntos
 - c. Grao de internacionalización: ata 5 puntos
 - d. Grao de relevancia: ata 10 puntos:
3. Grao de acelerabilidade e potencial de escalabilidade.....ata 15 puntos
Valorarase o grao de desenvolvemento actual do proxecto, así como a capacidade para executar o devandito proxecto e desenvolver, nun prazo máximo de 6 meses dende o inicio do programa, dun produto/servizo mínimo viable ou prototipo, considerado como a



versión dun produto/servizo que permite a un equipo captar e validar con clientes o máximo volume de coñecemento co menor número de recursos posible.

4. Vídeo de presentación do proxecto.....ata 15 puntos

Valorarase a estrutura, claridade e orixinalidade do vídeo.

A Comisión de avaliación está composta por:

Presidenta:

- Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade da UVigo

Vogais:

- Maruxa Álvarez Jiménez, directora da Área de Emprego e Emprendemento da UVigo
- Belén Fernández Durán, técnica superior de Orientación Laboral e Emprendemento da UVigo
- Ángeles López Lozano, directora técnica da Oficina de I+D da UVigo
- Daniel Villanueva Torres, director de Vigo Tecnolóxico da UVigo
- Luisa Sánchez Méndez, vicepresidenta segunda, .deputada de Deportes, Economía e Impulso ao Emprego, ou persoa en quen delegue.

A comisión poderá solicitar a asistencia de asesores das entidades colaboradoras.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión teña que examinar as solicitudes, algún dos membros non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

A Comisión de avaliación poderá declarar deserta a convocatoria en calquera dos campus se a calidade dos proxectos presentados non cumpre os mínimos esixibles para alcanzar os seus obxectivos.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria, no caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de bolsas convocadas e dado que non existe puntuación mínima para a selección, aplicarase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que a Sección de Axudas e Bolsas formulará directamente a proposta de concesión á Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade sen necesidade de que interveña a comisión de selección.

Unha vez efectuada a selección pola Comisión de valoración, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de axudas concedidas, denegadas** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación, presentando o **formulario de alegacións** na secretaría virtual da Universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas enviará á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade a proposta, quen adxudicará as axudas mediante a correspondente resolución.

A resolución conterá a listaxe definitiva de axudas concedidas e a súa contía, denegadas con mención da causa de denegación e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.



As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 6 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán aceptar a concesión da axuda mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, no prazo de tres días desde a publicación da resolución definitiva. De non facelo entenderase que renuncia e se lle concederá a bolsa a seguinte persoa da lista de agarda.

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas antes de que se inicie a mentorización a través de instancia xenérica (SXER). As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da axuda á seguinte persoa da lista de agarda.

8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias da axuda deberán:

1. Colaborar coas accións e actividades de promoción e difusión do programa.
2. Cumprir cos prazos marcados pola universidade para a entrega da información requirida.
3. Entregar toda a información adicional requirida pola universidade ao longo da vixencia do programa.
4. Asistir e participar nas actividades de formación establecidas. Unha participación inferior ao 80 % nas actividades programadas considerárase como incumprimento de participación.
5. Asistir alo menos ao 80 % das reunións de mentorización establecidas.
6. Desenvolver o/s prototipo/s ou demos dun servizo ou produto que formen parte da iniciativa emprendedora subvencionado e mostrar xustificante da súa presentación nalgún foro.

CSV : GEN-0c43-1394-d744-99ef-8aca-bc23-aa8f-371f

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 29/01/2025 09:10 | NOTAS : F



7. Presentar o proxecto á Demo-Day que terá final unha vez finalizado o período formativo e de mentorización
8. Presentar as facturas e xustificantes de pago de todos os gastos a subvencionar no prazo de 15 días desde a finalización da mentorización .

Ademais o/a beneficiario/a debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas axudas:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida. De existir incumprimento do desenvolvemento do obxecto propio da axuda, previo informe neste sentido polo/a director/a da Área de Emprego e Emprendemento, poderase interromper de xeito cautelar o abono da axuda económica unha vez iniciado o procedemento.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)

11. NATUREZA DA RELACIÓN ENTRE OS PROXECTOS BENEFICIARIOS E A UNIVERSIDADE DE VIGO

As persoas físicas beneficiarias destas axudas, os membros dos proxectos, e o persoal das empresas non adquiren ningunha relación contractual, laboral, administrativa nin estatutaria coa Universidade de Vigo nin coas entidades que colaboran nesta convocatoria.

12. COORDINACIÓN NO PROGRAMA

A Área de Emprego e Emprendemento é a responsable da coordinación e supervisión do programa. As persoas participantes poderán dirixir a emprego@uvigo.es as consultas e dúbidas que xurdan ao longo da vixencia do programa.

